



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2023/E001/000002
2023/G003/001523

DECRETO DO ALCALDE EN FUNCIONES

ANTECEDENTES DE FEITO

O Concello das Pontes de García Rodríguez obtivo da Deputación da Coruña unha subvención para a contratación laboral temporal de seis (6) peóns/peoas ao abeiro do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña (PEL-CONCELLOS 2023).

Mediante providencia de data 28/03/2022 a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego dispuxo a iniciación do procedemento de selección do persoal encamiñado á contratación laboral do dito persoal.

A través do Decreto núm. 1096/2023, do 12 de maio, prestouse aprobación á súa convocatoria é as bases que a rexen.

A convocatoria e as súas bases reitoras publicáronse no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 94, do 19/05/2023.

O prazo de presentación de solicitudes rematou o 26/05/2023.

A lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas foi aprobada polo Decreto 1266/2023, do 31 de maio.

No procedemento obra a proposta de composición do tribunal formulada pola concelleira-delegada o 05/06/2023.

Así mesmo, no expediente consta informe favorable sobre a indicada composición do tribunal, emitido o 05/06/2023 polo técnico de administración xeral.

Durante o período concedido para o efecto catro das once persoas inicialmente excluídas emendaron as súas respectivas solicitudes, razón polo cal procede a súa inclusión na relación definitiva coa condición de admitidas.

Mediante o decreto 1398/2023, do 14 de xuño, aprobouse a lista definitiva de persas aspirantes incluídas e das excluídas, determinuouse a composición do órgano de selección (titulares e suplentes) e fixouse o lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización do primeiro exercicio da fase de oposición, que tivo lugar o 19/06/2023.

O tribunal, con data 26/06/2023 .efectuou a proposta de contratación das seis (6) persoas que acadaron a maior puntuación no proceso selectivo (concurso-oposición) e de elaboración da lista de espera consonte a base núm. 9 das reitoras da convocatoria.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

FUNDAMENTOS LEGAIS

A base núm. 10 das da convocatoria indica que as persoas aspirantes propostas para seren contratadas serán requiridas para que acheguen a documentación que a meritada base establece.

As persoas concernidas presentaron a documentación solicitada.

Agás a convocatoria e as bases, que se publicarán no BOP, no taboleiro electrónico e na páxina web, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do taboleiro de anuncios (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e da páxina web municipal.”

A Alcaldía resulta competente para ditar a presente resolución, por mor do disposto no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Mediante o Decreto 1491/(2023, do 29 de xuño (expediente 2023/G003/001540), o alcalde designou como substituto nas funcións da Alcaldía o día 29/06/2023 ao primeiro tenente de alcalde, Antonio Alonso Román.

Por todo o anteriormente exposto, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Contratar, en réxime de dereito laboral, coa categoría de peón/peoa, co tipo de contrato cuxas características se describen a continuación, ás persoas que se relacionan:

a) Persoas contratadas:

<u>Nome e apelidos</u>	<u>DNI</u>
- Gerardo Parapar Rey	***0996**
- David Tojeiro Pita	***0857**
- Patricia Rochela Bogo	***3403**
- José Manuel López Galego	***6506**
- Abel Cao Gómez	***0335**
- Manuel Fernández Fernández	***4741**

b) Características do contrato:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

- É un contrato de duración determinada (6 meses), na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, de conformidade co disposto no Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, polo que se modifican as modalidades contractuais a partir do 30/03/2022, cunha xornada laboral de luns a venres, a tempo completo, co código 405. A duración do contrato non poderá exceder do 31/12/2023.

- A retribución é a que obra no expediente.

2. Dar de alta en nómina e na Seguridade Social ao referido persoal contratado.

3. Establecer a seguinte lista de espera, por orde decrecente de puntuación:

1º) José Manuel Feal Allegue, con DNI ****0759**

2ª) Verónica Guerreiro Barro, titular do DNI ****9961**

3ª) María Isabel Pérez Díaz con DNI ****0610**

4º) Juan Carlos Baonza Suárez, titular do DNI ****5259**

4. Notificar o presente decreto ás persoas aspirantes contratadas.

5. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía ou Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

O alcalde en funcións

Antonio Alonso Román



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

FIRMADO POR ANTONIO ALONSO ROMAN (FECHA: 29/06/2023 11:08:00)

Marina Núñez Orjales

(FECHA: 29/06/2023 10:21:00) ,

Decreto Nº: 1496/2023 - Fecha de decreto: 29/06/2023
Versión imprimible

CVD: lv4jii2e1VrG+Hkr4zIW
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.